



BOP

XOVES, 9 DE DECEMBRO DE 2021

N.º 281

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Cervo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de dominio público hidráulico, na zona de servidume e na zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.76628

As obras solicitadas consisten na execución dunha senda peonil situada na marxe mais próxima ao río Xunco ao carón da estrada LU-P-1505 ao seu paso por Sargadelos que comunique a actual fábrica de Cerámica de Sargadelos coa antiga Real Fábrica de Fundición de Sargadelos. Terá unha anchura media de 1,80 m, e construírse unha pasarela de madeira peonil sobre o rego de Sargadelos. As coordenadas UTM ETRS89 do inicio é (X= 628.718; Y= 4.836.081) e a do final (X=628.644; Y= 4.835.624). O obxectivo da obra é a de crear espazos diferenciados peonal/tráfico rodado mellorando a seguridade e a accesibilidade. Tamén aproveitarase para renovar a pavimentación dos tramos da calzada afectados, renovación da rede de abastecemento, pluviais, alumeado, telefonía, electricidade e a dotación de novo mobiliario urbano. As actuacións estarán ubicadas na zona de policía do Río Xunco e na zona de policía, servidume e dominio público hidráulico do rego de Sargadelos; no lugar de Sargadelos na parroquia de Santiago de Sargadelos, no concello de Cervo, (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Cervo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, o xefe do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021 O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 3491

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16/11/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 5º bimestre do exercicio 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 16 de novembro de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3492

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 24/11/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a novembro 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes novembro 2021 terá lugar neste municipio dende o día 25 de novembro de 2021 ata o día 24 de xaneiro de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de novembro de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3493

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 18/11/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 19 de novembro de 2021 ata o día 18 de xaneiro de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de novembro de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3494

Anuncio

BASES BONO COMERCIO 2021

OBXECTO: BONO COMERCIO 2021 DO CONCELLO DE CHANTADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A natureza excepcional da pandemia e as medidas adoptadas para o seu control provocaron consecuencias de escala significativa para todos os compoñentes da sociedade. Deste xeito as microempresas, autónomos e outros profesionais do comercio sufriron unha importante redución dos seus ingresos pola paralización ou ralentización da actividade económica, o que ocasionou unha grave falta de liquidez, afectando seriamente á súa actividade económica a curto e medio prazo, pero tamén supón un grave risco para a viabilidade futura. Esta circunstancia extraordinaria require a planificación e execución de actuacións para paliar a situación xerada.

O Concello de Chantada, que pretende velar e protexer o interese xeral dos seus cidadáns, ten entre os seus obxectivos minimizar o impacto social e económico provocado no tecido económico local.

O concepto de vila está ligado ao comercio de proximidade. As tendas de barrio xunto coa actividade turística enchen de vida as rúas e fan que sexan máis transitadas, ademais funcionan como lugares de encontro, polo que os beneficios sociais van máis aló dos puramente económicos, así incrementan a cohesión social, contribúen a xeración de emprego e a desenvolvemento da nosa vila.

Asimesmo este plan ten por obxecto, dentro das posibilidades municipais, aportar unha pequena axuda, as familias chantadinas, pretendendo, dende varias vertentes, chegar ao conxunto da poboación, contribuíndo tamén ao mantemento e reactivación económica das empresas e autónomos así como apoiar ás familias. Sendo esta actividade posible pola boa situación económica do Concello, logo dunha xestión rigorosa nos últimos anos.

Unha vez que a través do convenio coa Xunta púxose en marcha un plan de axudas a hostalería, agora é o momento de que os demais sectores comerciais locais e as familias reciban a solidariedade de todos e todas, a través do Concello, poñendo en marcha un plan de apoio ás familias e sectores económicos do Concello de Chantada, para favorecer ao conxunto da nosa economía, inxectando nos nosos fogares e sectores económicos ao redor de **50.000€**, para contribuír a superar a parálise económica derivada do COVID-19 e reactivar así a sociedade e a economía local, permitindo a recuperación económica destes sectores comerciais coincidindo ademais coa campaña de Nadal.

BASE 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a regulación das axudas incluídas no programa BONO COMERCIO do Concello de Chantada, destinado a potenciar as compras no municipio, apoiando aos fogares e aos establecementos adheridos ao presente programa, promovendo a reactivación económica do tecido comercial e o consumo local, contribuíndo deste modo a paliar os efectos da COVID 19. Do mesmo modo, esta iniciativa pode axudar a captar e fidelizar nova clientela, así como sensibilizar aos consumidores da importancia de realizar a súa compra no comercio de proximidade.

BASE 2.- NORMATIVA APLICABLE

Ademais das normas contidas na presente convocatoria, son de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento 887/2006, de 21 de xullo e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Ademais será de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASE 3.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA, DISTRIBUCIÓN E COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

3.1.- Orzamento

Para atender á financiación da presente convocatoria disporáse dun crédito total de 50.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 231-489.04 do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021.

3.2.- Distribución

Os bonos que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que so poderá concederse unha axuda por unidade familiar. Considerarase unidade familiar aos efectos das presentes bases ao conxunto de empadroados no domicilio.

A distribución das axudas realizarase en función do número de empadroados, do seguinte xeito:

A contía máxima dos bonos será a seguinte:

- Domicilios de entre 1 e 2 membros, 2 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 50 €.
- Domicilios de entre 3 e 4 membros, 3 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 75 €.
- Domicilios de 5 ou mais membros, 4 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 100 €.

As axudas concederanse por orden de rexistro de entrada ata o límite do crédito dispoñible. Concederase unha axuda por cada unidade familiar, debendo estar asinada a solicitude por todos os membros da unidade familiar. Se fosen menores de idade deberán asinarse polos representantes legais. Se a solicitude non fose asinada por todos os membros da unidade familiar empadroada computarase o número de membros que a asinasen. Se unha unidade familiar presentase varias solicitudes computarase a primeira presentada.

3.3.- Compatibilidade con outras axudas

As subvencións reguladas nestas bases serán compatibles con calquera outra subvención, axuda ou ingreso para o mesmo concepto subvencionable, procedente de calquera outra administración, ente público ou privado, non podendo en ningún caso superar o custo da actividade subvencionada.

BASE 4.- BENEFICIARIOS

Son beneficiarios do programa do Bono Comercio as persoas físicas, , empadroadas no Concello de Chantada e que os soliciten dacordo co sinalado nas presentes bases.

Para ser beneficiario do programa do bono comercio deberán cumprirse os seguintes requisitos no momento da finalización do prazo de presentación da solicitude:

- a) Estar empadroado no Concello de Chantada.
- b) Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención.

BASE 5.- ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

Serán colaboradores do programa BONO COMERCIO 2021 os titulares dos establecementos comerciais que se subscriban voluntariamente ao mesmo, aceptando recibir o bono e descontar o seu importe das compras realizadas polos beneficiarios consumidores, de acordo co disposto na Base 8.

Poderán adherirse ao presente programa todos os establecementos que exerzan a súa actividade no Concello de Chantada, agás os establecementos de hostalería e os grandes supermercados. Asimesmo, o programa bonos non financiará bebidas alcohólicas ou tabacos.

BASE 6.- FUNCIONAMENTO DO BONO COMERCIO

1.- Os establecementos que estén interesados en adherirse ao programa de bonos presentarán a súa solicitude no Concello de Chantada por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común, dacordo co disposto no apartado 8 e no Anexo I das presentes bases.

2.- O Concello publicará na páxina web municipal un listado dos establecementos colaboradores que se teñan adherido ao programa.

3.- As persoas interesadas en obter os bonos presentarán unha solicitude no Concello de Chantada por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común, dacordo co disposto no apartado 7 e no Anexo II das presentes bases.

4.- Unha vez resolto o procedemento o Concello emitirá os bonos, que levarán o selo orixinal do Concello.

5.- Os bonos serán recollidos polos beneficiarios, de xeito presencial, nas oficinas do Concello de Chantada, no prazo de 10 días naturais dende a publicación da lista de beneficiarios na páxina web do Concello de Chantada. Se non se recollera o bono no prazo indicado entenderáse que o beneficiario do mesmo renuncia á subvención, outorgándose ao seguinte beneficiario dacordo coa orde de prelación establecida e segundo o previsto na Base 7.

6.- O consumidor presentará o bono, que deberá ser orixinal, no establecemento colaborador elixido. A orixinalidade do bono constataráse co selo oficial orixinal do Concello de Chantada.

7.- No caso de devolucións de produtos adquiridos con bono desconto, non se procederá ao reintegro do importe en metálico, senón que o establecemento entregará un vale para canxear por futuras compras.

8.- Os bonos poderán ser utilizado dende a súa entrega ata o día 31 de xaneiro de 2022.

8.- Unha vez descontados os bonos nas compras o establecemento colaborador presentará a xustificación ante o Concello na forma indicada nas presentes bases e o Concello aboaralle o importe dos bonos canxeados. Soamento poderán presentarse para a xustificacións os bonos orixinais, que levarán o selo do Concello, non admitíndose ningún tipo de variación. A tal efecto os bonos estarán numerados.

BASE 7.- BENEFICIARIOS: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE BONOS E PRAZOS

1.- A presentación da solicitude para obter o bono comercio realizaráse no Rexistro do Concello de Chantada por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O solicitante aportará a seguinte documentación:

- Modelo normalizado de solicitude dacordo co Anexo II das presentes bases, deberá ser asinada por todos os membros da unidade familiar ou, no seu caso, polo representante legal.
- Fotocopia do DNI de todos os empadroados na vivenda ou, no seu caso, Libro de Familia.

A data da solicitude sinalada no parágrafo anterior será a que computará aos efectos da orde de prelación de solicitudes para a concesión da subvención, aínda no suposto de que fose preciso requerir a subsanación da mesma.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A presentación da solicitude fora do prazo establecido será causa de inadmisión da mesma.

3.- So poderá presentar solicitude un dos empadroados no domicilio concreto. Se se se presentasen máis dunha solicitude no mesmo domicilio considerarase a primeira solicitude presentada.

3.- A presentación da solicitude implica a aceptación do contido das presentes bases.

4.- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos concederáselle un prazo de subsanación de 3 días hábiles.

BASE 8.- ESTABLECEMENTOS COLABORADORES: ADHESIÓN AO PROGRAMA BONO COMERCIO.

1.- A solicitude de adhesión ao programa do bono comercio será suscrita polo titular da actividade ou persoa que acredite a representación da entidade interesada, mediante a presentación da solicitude establecida no Anexo II.

2.- A solicitude realizarase vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Chantada no prazo de 5 días hábiles dende o seguinte á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

3.- Unha vez comprobado polo órgano instrutor os datos remitidos na solicitude publicarase na páxina web do Concello a lista de establecementos admitidos, notificándose ademais aos interesados.

BASE 9.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- Os bonos comercio teñen a consideración de subvencións públicas.

2.- O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva previsto no artigo 23 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

3.- O procedemento iníciase de oficio mediante resolución municipal que acorde a convocatoria pública das subvencións, aprobada polo órgano competente e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- O órgano instrutor do procedemento será o que se determine na Resolución da convocatoria da presente subvención, que se publicará na páxina web do Concello de Chantada.

5.- O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local do Concello de Chantada.

BASE 10.- ESTABLECEMENTOS COLABORADORES: XUSTIFICACIÓN E PAGO

1.- A xustificación dos bonos canxeados polos establecementos colaboradores realizarase mediante presentación de conta xustificativa a través da sede electrónica municipal polos citados establecementos e contera os bonos canxeados, que deberán ser orixinais.

2.- O prazo para presentar a xustificación será ata 1 mes despois da finalización do programa bonos (28 de febreiro de 2021).

3.- A liquidación e pago das subvencións efectuarase polo Concello ao establecemento colaborador unha vez presentada a documentación xustificativa e o cumprimento das obrigas previstas na presente convocatoria.

4.- No suposto de falta de xustificación axeitada ou de concorrencia das causas de reintegro previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

BASE 11.- RESOLUCIÓN E RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación da resolución ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente.

BASE 12.- COMPROBACIÓNS

Os beneficiarios e os establecementos colaboradores e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a súa xustificación estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requerida no exercicio das funcións de control que corresponden, dentro do ámbito da Administración concedente e outras administracións públicas que teñan atribuídas as funcións de control financeiro segundo o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e dacordo coa Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

O establecemento colaborador terá a obriga de conservar durante 4 anos dende a concesión da axuda a documentación relativa á presente convocatoria.

BASE 13.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril, de 2006, e na LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais obrantes no Concello de Chantada, así como os que posteriormente sexan requeridos para completar o expediente aos beneficiarios e aos establecementos colaboradores, serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Chantada para fins de control administrativo, burocrático, históricos ou estadísticos, podendo ser cedidos a outras áreas da Administración para levar a cabo as oportunas tramitacións.

Os datos non sensibles dos establecementos colaboradores poderán ser incorporados á web e medios de difusión do programa de bonos.

Garantízase o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, portabilidade dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Chantada. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade competente.

ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE DE ESTABLECEMENTO COLABORADOR

APELIDOS:

NOME:

DNI:

ESTABLECEMENTO AO QUE REPRESENTA:

ENDEREZO:

TELEFONO:

CORREO ELECTRONICO:

SOLICITO:

1.- Ser inscrito na lista de establecemento colaborador do programa BONO COMERCIO do Concello de Chantada.

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1.- Que autorizo expresamente ao Concello de Chantada para o tratamento dos meus datos persoais aos efectos previstos nas presentes bases.

2.- Que non estou incurso en ningunha das causas previstas nas Lei para obter a condición de beneficiario de subvencións.

3.- Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Que acepto expresamente o contido das presentes bases.

ANEXO II**MODELO DE SOLICITUDE DOS BENEFICIARIOS****APELIDOS:****NOME:****DNI:****ENDEREZO:****TELEFONO:****CORREO ELECTRONICO:****SOLICITO:**

Participar no programa do BONO COMERCIO do Concello de Chantada en calidade de beneficiario.

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- 1.- Que estou empadroadado no Concello de Chantada no seguinte enderezo
- 2.- Que no citado domicilio están empadroados os seguintes membros da unidade familiar:
- 3.- Que autorizo expresamente ao Concello de Chantada a consulta dos datos padroais aos efectos previstos nas presentes bases.
- 4.- Que autorizo expresamente ao Concello de Chantada para o tratamento dos meus datos persoais aos efectos previstos nas presentes bases.
- 5.- Que non estou incurso en ningunha das causas previstas nas Lei para obter a condición de beneficiario de subvencións.
- 6.- Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 7.- Que cedo o dereito de cobro da presente subvención a favor do establecemento colaborador no que canxee o bono.
- 8.- Que acepto expresamente o contido das presentes bases.

Chantada, a de decembro de 2021

Asinado

Nota: o documento debe estar asinado por todos os membros da unidade familiar

Chantada, 3 de decembro de 2021.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3516

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 8/729 MODIFICACIÓN DO ACORDO 15/306 CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.b, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS, EN RELACIÓN AOS MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN, polo que **ACORDA** a modificación do acordo 15/306 convocatoria específica para a creación de bolsas de traballo (apartado 2.1.b, das bases xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo nas categorías profesionais) nas categorías profesionais, en relación aos membros da comisión de selección substituindo a secretaria da comisión de selección:

Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo.

Por:

D.Justo Díaz Rodríguez. Letrado Asesor, Vicesecretario Accidental do Excmo. Concello de Lugo.

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 30 de novembro de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 3495

MONTERROSO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 29 de novembro de dous mil vinte e un aprobouse un Plan de Disposición de Fondos para cumprir coas obrigas legais e facer fronte aos pagos realizados pola Entidade Local, que se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio.

Monterroso 30 de novembro de 2021.- A alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 3496

AS NOGAIS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2022

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2021, o orzamento xeral para o exercicio 2022 e documentación que se acompaña, conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións. Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

As Nogais, 3 de decembro do 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3517

POL

Anuncio

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Pol polo que se aproba inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 2/2021 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a ao remanente líquido de Tesouraría.

TEXTO

O Pleno do Concello de Pol, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de decembro de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Pol, 7 de decembro de 2021.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3528

A PONTENOVA

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o pasado día 25 de novembro de 2021 acordou aprobar inicialmente o expediente de revisión da relación de unidades de poboación, procedendo as seguintes altas:

- Na parroquia de Pontenova (Sagrado Corazón): As Cruces e Vides.
- Na parroquia de Rececende (San Xoán): Os Gabeas.
- Na parroquia de Vilaboa (San Xulián): Barreiriñas, Cerdeiral, Ermida de Vilaboa, O Couso e Soutelo.
- Na parroquia de Xudán (Santa María Magdalena): As Fontelas.

Convócase, por prazo de vinte días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia*, trámite de información pública, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *dirección* <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0>

A Pontenova, 1 de decembro de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3497

SAMOS

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 18.11.2021 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 4º trimestre de 2019, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA de Samos, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 29 de novembro de 2021.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3498

O SAVIÑAIO

Anuncio

INICIO EXPEDIENTE INVESTIGACIÓN PATRIMONIAL RESPECTO DA ESTRADA DE ACCESO Á PRAIA DE A COVA (Expediente 540/2021).

Considerando necesario proceder ao exercicio da acción investigadora respecto á titularidade da estrada de acceso á praia de A Cova (desde a Igrexa ata a praia de A Cova, punto en que une coa estrada titularidade da Deputación Provincial), e de conformidade co establecido no artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades locais, en sesión plenaria de data 26 de novembro de 2021, acordouse incoar o expediente de investigación referido, publicar o acordo de iniciación no BOP da provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do concello, durante quince días. A súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de O Saviñao: <https://concellodosavinaio.sedelectronica.gal>

Rematada a publicación do anuncio no taboleiro municipal, ao día seguinte abrírase trámite de audiencia e de información pública por prazo dun mes, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan comparecer e formular por escrito cantas alegacións estimen convenientes.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poda efectuarse a notificación persoal de outorgamento do trámite de audiencia.

O Saviñao, 1 de decembro de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3499

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2022 NO BOP

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021 o orzamento xeral, as bases de execución, o anexo de inversións e cadros de financiamento e o cadro de persoal para o exercicio 2022, en cumprimento co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello por un prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Trabada, 1 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 3512

VILALBA

Anuncio

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa **sesión ordinaria** celebrada o día **30/09/2021** da “**modificación das ordenanzas fiscais números 11 e 16, reguladoras respectivamente das taxas da rede de sumidoiros e pola prestación do servizo de subministración de auga**”, que se publicou no **BOP nº 237 do 15/10/2021**, insertándose de seguido os textos íntegros das ditas modificacións, no cumprimento do estipulado no art. 17 do RD Lexislativo, 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das Facendas Locais) e no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 11, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

1. TARIFAS DO SERVIZO DE SANEAMENTO

ANO 2022

a) Subscritores con servizo municipal de abastecemento de auga

Mínimo trimestral (24 m³/trim) 6,2208 €/ab.trim

Por cada m³ facturado en abastecemento 0,2592 €/m³

b) Subscritores sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga (cuxo consumo estea próximo á media do resto dos subscritores)

- COTA FIXA

- Uso doméstico

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 9,3412 €/ab.trim

- Uso comercial

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 9,3412 €/ab.trim

- Uso industrial, hostalaría, obras e outros

(para unha media de 22 m³/abon.mes) 17,1240 €/ab.trim

c) Abonados con subministración non procedente da rede municipal de abastecemento e cun consumo moi superior á media do resto dos subscritores.

Aqueles subscritores/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparellos para medida do caudal vertido á rede. Esta medición servirá de base para a facturación.

De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas se poderá realizar un auditorio do caudal vertido para os efectos de facturación.

Por cada m³ de vertedura, medido ou aforado 0,2592 €/m³

2. PREZO DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO.

Ud. de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, canalización de P.V.C. Ø 160/200/5 atm. incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme, así como conexión a pozo/colector existente con peza estanca específica para unha lonxitude máxima de 5 m. e unha profundidade máxima de 1,50 m.

GABIA EN TERRA 400,59 €/ud

GABIA EN ASFALTO 463,49 €/ud

GABIA EN BEIRARRÚA 509,08 €/ud

NOTA: todos estes prezos veranse gravados co IVE correspondente.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA. BASE IMPOÑIBLE. TARIFA:

ANO 2022

1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO.

Mínimo trimestral: 24 m3/trim.	10,5384 €/ab.trim
Mínimo de consumo: 24 m3/trim.	0,4391 €/m3
1º bloque: máis de 24 a 30 m3/trim.	0,5025 €/m3
2º bloque: máis de 30 a 40 m3/trim.	0,6374 €/m3
3º bloque: máis de 40 m3/trim	0,7137 €/m3

2. COTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

Cota mensual	0,5238 €/ab.mes
--------------	-----------------

3. ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO.

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5,00 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m).

MATERIAIS

- Ud. de Collarín de toma
- Ud. de enlaces
- Tubaria de P.E.B.D: 1 a 5 m.
- Ud. de chave de paso
- Tapa de fundición de 15 X 25 cm.

OBRA CIVIL

- Ud. de arqueta para colocación de tapa de 15 X 25.
- 1 a 5 m.l. de gabia (apertura, peche e reposición de pavimento).

(Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia).

Ø Acometida	Terra(A)	Asfalto(B)	Baldosa-beirarrúa(C)
¾"	199,21 €	256,38 €	305,34 €
1"	216,74 €	274,47 €	321,88 €
1¼"-11/2"	260,73 €	318,14€	366,49 €
2"	310,30 €	366,49 €	415,43 €

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

Acometidas de máis de 5 m.	¾"	1"	11/4"-11/2"	2"
(A) Incremento € por m.	9,34	10,96	15,60	26,21
(B) Incremento € por m.	20,59	22,18	26,87	37,45
(C) Incremento € por m.	24,76	26,28	30,98	41,56

4.- CONTADORES.

4.1. Instalación en batería de contadores ou similar.

- Contador de 13-15 mm./20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

Prezo contador instalado

- Contador de 13/15 mm.	81,44 €/ud
- Contador de 20 mm.	102,04 €/ud

4.2. Contador diámetro superior a 20 mm.

Para contadores de diámetros superiores, farase presuposto con anterioridade.

4.3. Tarifa de contadores (sen colocación).

TARIFA DE CONTADORES (Sen colocación)

Ø 13/15 mm	60,64 €/unidade
Ø 20 mm	81,66 €/unidade
Ø 25 mm	132,71 €/unidade
Ø 30 mm	185,92 €/unidade
Ø 40 mm	288,28 €/unidade
Ø 50 mm	629,69 €/unidade
Ø 65 mm	780,63 /unidade

5. XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS.

- Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados polo expediente e a comunicación dos recibos pendentes de pago. 4,360 €/ud.

6. FIANZAS NAS ALTAS DOS CONTRATOS DE AUGA.

- Para subministracións domésticas ou comerciais 32,45 €/alta

- Para subministración industrial ou de obra. 73,04 €/alta

7. DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado dun contador: precintado por baixa voluntaria ou por expediente de corte de subministro. 33,37 €/ud.

8. CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DOS RACORES DO EQUIPO DE MEDIDA

Por conexión á rede dun contador instalado por persoal alleo ao servizo municipal de augas e precintado dos racores. 33,37 €/ud.

9.- COMPROBACIÓN DE CONTADOR DO ABOADO CON CONTADOR PATRÓN

A petición do aboado: por comprobación da medición do contador do aboado co contador patrón. 33,37 €/ud.

(Todos os prezos se verán gravados co IVE correspondente)

Vilalba, 30 de novembro de 2021.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3500

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - CHANTADA**

Anuncio

BONO COMERCIO 2021 CHANTADA

BDNS (Identif.): 598809

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/598809>)

PRIMEIRO.- OBXETO

O obxecto das presentes bases é a regulación das axudas incluídas no programa BONO COMERCIO do Concello de Chantada, destinado a potenciar as compras no municipio, apoiando aos fogares e aos establecementos adheridos ao presente programa, promovendo a reactivación económica do tecido comercial e o consumo local, contribuíndo deste modo a paliar os efectos da COVID 19.

SEGUNDO.- DISTRIBUCION

Os bonos que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que so poderá concederse unha axuda por unidade familiar. Considerarase unidade familiar aos efectos das presentes bases ao conxunto de empadroados no domicilio.

A distribución das axudas realizarase en función do número de empadroados, do seguinte xeito:

A contía máxima dos bonos será a seguinte:

Domicilios de entre 1 e 2 membros, 2 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 50 €.

Domicilios de entre 3 e 4 membros, 3 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 75 €.

Domicilios de 5 ou mais membros, 4 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 100 €.

As axudas concederanse por orden de rexistro de entrada ata o límite do crédito dispoñible. Concederase unha axuda por cada unidade familiar, debendo estar asinada a solicitude por todos os membros da unidade familiar. Se fosen menores de idade deberán asinarse polos representantes legais. Se a solicitude non fose asinada por todos os membros da unidade familiar empadroada computarase o número de membros que a asinasen. Se unha unidade familiar presentase varias solicitudes computarase a primeira presentada.

TERCEIRO.- BENEFICIARIOS

Son beneficiarios do programa do Bono Comercio as persoas físicas, , empadroadas no Concello de Chantada e que os soliciten dacordo co sinalado nas presentes bases.

Para ser beneficiario do programa do bono comercio deberán cumprirse os seguintes requisitos no momento da finalización do prazo de presentación da solicitude:

- a) Estar empadroado no Concello de Chantada.
- b) Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención

CUARTO.- BASES REGULADORAS

Podense consultar: na páxina web do Concello <http://www.concellodechantada.org> .

QUINTO.- ORZAMENTO

Crédito total de 50.000 € , con cargo á aplicación orzamentaria 231-489.04.

SEXTO.- PRAZO PRESENTACION

O prazo de presentación será de 5 días hábiles dende a publicación das bases e a convocatoria no Bop de Lugo.

INFORMACIÓN: CONCELLO DE CHANTADA - 982440011

CHANTADA, 3 de decembro de 2021 .- O Alcalde, MANUEL LORENZO VARELA RODRIGUEZ.

R. 3515

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

Anuncio

Expediente número: A/27/23116

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ayuntamiento de Ribeira de Piquín

Nombre del río o corriente: Arroyo de Lerín

Caudal solicitado: 1 l/seg.

Punto de emplazamiento: Soutelo, parcela 42 del polígono 44

Término Municipal y Provincia: Ribeira de Piquín (Lugo)

Destino: Abastecimiento de agua a Soutelo

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación y conducción por tubería enterrada a depósito, desde el que partirá la red de distribución.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Ribeira de Piquín o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2850
